


CONCELLO  
DE VIGO



**VIGO**   
EN 90 SEGUNDOS

# Historias da Reconquista



CONCURSO ONLINE DE  
MICROCURTAMETRAXES



PARTICIPA EN: [www.vigofilmoffice.com](http://www.vigofilmoffice.com)

**VIGGO**  
FILM OFFICE

#Vigoen90segundos  
#HistoriasdaReconquista

## Concurso online de microcurtametraxes "Vigo en 90 segundos" Historias da Reconquista BASES DE PARTICIPACIÓN

- 1 O Concurso Online de Microcurtametraxes "Historias da Reconquista de Vigo en 90 segundos" está dirixido a realizadores ou afeccionados de todas as idades, residentes ou non en Vigo. **Nota importante: Os menores de idade son benvidos a participar sempre que os traballos sexan presentados por un titor.**
- 2 A participación no concurso é gratuíta e libre.
- 3 Os interesados poderán presentar unha ou máis obras a concurso.
- 4 Os traballos poden ser rodados con **calquera dispositivo smartphone, cámaras domésticas ou profesionais** e está permitida a edición ou tratamento posterior de imaxes cos programas que os participantes consideren oportunos.
- 5 A temática ten que ser a **fiesta da Reconquista de Vigo**, pero pode mostrarse desde múltiples perspectivas: a historia, os personaxes, a festa, a gastronomía, os visitantes, a música... A idea é contar dunha maneira orixinal que é a Reconquista de Vigo para cada un dos participantes. Os vídeos poden ser ficción ou en clave documental. Lembra que este ano **as datas centrais da festa** son o 5, 6 e 7 de abril pero que tamén hai algúns actos o 23 e 24 de marzo.
- 6 As microcurtametraxes poderán ser rodados en castelán ou en galego (ou poden ser sen voz). Se están en calquera outro idioma deberán ir subtitulados en lingua española ou galega.
- 7 A duración máxima dos vídeos ten que ser de **90 segundos**, incluídos os créditos se os teñen.
- 8 **Inscrición:** para participar hai que cumprimentar o formulario cos datos do participante -ou representante se se trata dunha obra colectiva- que atoparedes na páxina da Vigo Film Office ([www.vigofilmoffice.com](http://www.vigofilmoffice.com)). Neste formulario poderedes subir o vídeo en **formato 3GP, 3GPP, MP4, FLV, MKW, MOV ou AVI ou ben a ligazón da plataforma onde estea previamente subido (Vimeo, Facebook, Youtube, etc)**. Se non se fai chegar esta información, dita obra quedará automaticamente fóra de concurso e non se publicará na nosa web para o seu visionado público.
- 9 Todas as persoas ou espazos privados que aparezan nas microcurtametraxes expresarán o seu consentimento aos participantes. En ningún momento aceptaranse traballos que atenten contra a honra dun colectivo, inclúan material discriminatorio ou vulneren os dereitos ou a dignidade das persoas. A Vigo Film Office resérvase o dereito de deixar fóra da convocatoria calquera obra que atente contra terceiros.
- 10 Os autores son os responsables do uso legal de materiais de terceiros na creación das obras presentadas (música ou calquera outro recurso).
- 11 **Datas de inicio e finalización.** O período de presentación das obras será **desde o 1 ao 30 de abril**. A Vigo Film Office resérvase o dereito a non subir á plataforma aquelas pezas que non cumpran cos requisitos ou uns estándares mínimos de calidade.
- 12 **Votacións:** Do 3 al 12 de maio (ambos incluídos) poderase votar entre os vídeos que o xurado da Vigo Film Office preseleccionaría. Desta votación sairá o Premio do Público..

■ **13** Premios. Un xurado profesional convocado pola organización do concurso visualizará as obras finalistas e outorgará os seguintes premios:

- Premio a Mellor microcurtametraxe** (500 euros en tarxeta regalo)
  - Accésit a Mellor microcurtametraxe (200 euros en tarxeta regalo)
- Premio a Mellor microcurtametraxe dunha escola de audiovisuais** (450 euros en tarxeta regalo).
  - Accésit a Mellor microcorto dunha escola de audiovisuais (200 euros en tarxeta regalo)
- Premio a microcurtametraxe máis orixinal** (400 euros en tarxeta regalo)
- Premio do Público a microcurtametraxe máis votado na nosa canle de Instagram** (300 euros en tarxeta regalo)
- Premio a Mellor microcurtametraxe realizado por un menor** (300 euros en tarxeta regalo).
  - Accésit a Mellor microcurtametraxe realizado por un menor (150 euros en tarxeta regalo)

O Xurado terá potestade para a interpretación destas bases así como de declarar deserto algún premio se a calidade dos traballos presentados non se considerase suficiente.

■ **14** Finalizado o proceso de selección, o **14 de maio** publicaranse os gañadores na páxina web da Vigo Film Office e en medios sociais e comunicaranse tamén o resultado aos gañadores por correo electrónico. A entrega dos premios realizarase nun acto público na data que se anunciará con suficiente antelación.

■ **15** Os autores, tanto premiados como non, **cederán ao Concello de Vigo os dereitos de explotación das obras**, consistentes na reprodución, distribución e comunicación pública, os cales se farán sempre co recoñecemento da súa condición de autor excepto manifestación en contra.

■ **16 Protección de datos persoais.** A Vigo Film Office, na súa condición de responsable de tratamento, informa que os datos solicitados para o rexistro das persoas participantes serán tratados conforme á lexislación en materia de protección de datos, e particularmente conforme ao disposto na Lei Orgánica de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD). As persoas participantes poderán en calquera momento exercer os seus dereitos de acceso aos datos, rectificación ou supresión, limitación do seu tratamento, oposición ao mesmo; así como a portabilidade dos seus datos, dirixíndose á dirección de correo electrónico [protecciondedatos@vigocb.org](mailto:protecciondedatos@vigocb.org), especificando "Protección Datos" e achegando fotocopia do seu DNI.